



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ANUNCIO

DECRETO DE DETERMINACIÓN DE SERVIZOS MÍNIMOS POR CELEBRACIÓN DE FOLGA

Por Decreto de Alcaldía nº 354/2025, do 12 de agosto de 2025, que se transcribe literalmente a continuación, determináronse os servizos mínimos folga SAF:

“O presente Decreto ten por obxecto aprobar os servizos mínimos que, coa finalidade de garantir o funcionamento dos servizos esenciais á comunidade, deberán rexer durante a xornada de folga convocada por Federación CIG Servizos da Confederación Intersindical Galega CIG para o día 13 de agosto de 2025 (00:00 a 23:59 horas), á que están chamados a participar o persoal do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de Galicia, debido a falta de protocolos contra a violencia e acoso do persoal traballador a gran precariedade sobre o persoal do SAF.

A Constitución Española recoñece no artigo 28.2 o dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses, dispoño que a lei que regule o exercicio deste dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade, do que se deduce que o dereito de folga non é absoluto e incondicional, estando suxeito a limitacións en función do ben común e o respecto ao dereito dos demais e así a Constitución permite que, por medio dunha lei, establézanse en caso de folga as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

Non logo de producir o desenvolvemento legal esixido polo artigo da Constitución antes citado, resulta de aplicación o disposto no artigo 10 apartado 2º do Real Decreto Lei 17/1977, de 4 de marzo, segundo o cal «Cando a folga se declare en empresas encargadas da prestación de calquera xénero de servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade e concorran circunstancias de especial gravidade, a Autoridade gobernativa poderá acordar as medidas necesarias para asegurar o funcionamento dos servizos».

Os servizos prestados polo Concello teñen a consideración de servizos públicos, segundo despréndese do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, e 80 e seguintes da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A competencia municipal para a fixación dos servizos mínimos, de conformidade co establecido no artigo 10.2 do Real Decreto Lei 17/1977, está recoñecida polo Tribunal Constitucional e o Tribunal Supremo en diversas sentenzas, así como pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e pola Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Logo de convocar para o día 13 de agosto de 2025 una folga que afectará a todas as actividades relacionadas co persoal do Servizo de Axuda no Fogar de Galicia. É necesario o establecemento dos servizos mínimos, o sector afectado de dita folga, que son persoas co dereito recoñecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, que afecta a todo o territorio da comunidade autónoma e, en consecuencia, a todo o termo municipal, as concretas necesidades dos servizos, a natureza dos dereitos, liberdades ou bens constitucionalmente protexidos.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O interese da comunidade que debe ser perturbado pola folga só até extremos razoables e a necesidade de garantir os mínimos imprescindibles para o funcionamento dos servizos municipais, mantendo a axeitada proporcionalidade entre o interese xeral da comunidade e o dereito de folga dos traballadores. Para fundamentar a esencialidade do servizo, debe cuestionarse, caso a caso, se, no suposto de non disporse o mantemento dos seguintes servizos, pódese ocasionar un mal á comunidade máis grave que o que os folguistas sofren coa limitación do seu dereito, por ser a comunidade a destinataria do servizo e ser, tal servizo, esencial para ela. Se conclúe que si, o dereito de folga debe ceder, nesa medida.

Na área de Servizos Sociais, os servizos mínimos que se establece xustifícanse en que se da servizo a un sector vulnerable, cun dereito recoñecido pola Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, que no artigo 4, da lei, enumera os Dereitos e obrigacións das persoas en situación de dependencia, no punto 3 do artigo. “Os poderes públicos adoptarán as medidas necesarias para promover e garantir o respecto dos dereitos enumerados no parágrafo anterior, sen máis limitacións no seu exercicio que as directamente derivadas da falta de capacidade de obrar que determina a súa situación de dependencia”.

Do total do persoal adscrito o Servizo de Axuda no Fogar (composta por 3 traballadoras do Concello e 9 persoas traballadoras da empresa Idades S.L.) decrétese o servizo mínimo de 9 empregados, o que representa o 75%.

Polo exposto anteriormente e en virtude da competencia establecida pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, pola Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e polo Real Decreto Lei 17/1977.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Establecer os servizos mínimos seguintes, coa finalidade de garantir o funcionamento dos servizos esenciais á comunidade, durante a xornada de folga convocada por Confederación Intersindical Galega CIG para o día 13 de agosto 2025, á que están chamados a participar o persoal traballador do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de Galicia:

1. Área de Servizos Sociais:

- a. 3 traballadoras adscritas, en activo, ao servizo de axuda do fogar do Concello de Monfero.
- b. 9 traballadoras adscritas ao servizo de axuda do fogar do Concello de Monfero, da empresa Idades S.L.

SEGUNDO. Deberase comunicar ao Servizo de Persoal e aos titulares de cada Área, antes do 13 de agosto de 2025, a relación nominal das persoas que deban prestar os servizos mínimos establecidos no apartado anterior.

TERCEIRO. O incumprimento da obrigación de atender aos servizos mínimos será sancionado de conformidade co previsto na normativa aplicable.

CUARTO. Non procederá limitación do exercicio do dereito de folga fóra do establecido no



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

presente Acordo.

QUINTO. Os responsables dos distintos Servizos colaborarán cos Coordinadores da súa área correspondente para resolver cantas dificultades poidan xurdir no desenvolvemento dos servizos mínimos así como a achega de datos estatísticos cando sexan solicitados, cumprimentando a relación do persoal que non asista ao traballo o día 13 de agosto de 2025 aos efectos dos descontos correspondentes, garantindo a prestación dos servizos necesarios para a seguridade das persoas, mantemento de locais, maquinaria, instalacións e o exercicio do dereito ao traballo.

SEXTO. Dar publicidade a esta Resolución no Taboleiro de Anuncios físico e Electrónico do Concello de Monfero.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde en funcións (Asinado pola Secretaría para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo

O Secretario
Baldomero Beceiro Alonso"

Monfero, 12 de agosto 2025

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo